



**PROCEDEMENTO: TR358A - SUBVENCIONS ÁS ENTIDADES ASOCIATIVAS DE
PERSONAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS**
EXPEDIENTE Nº: TR358A 2020/1-0
**SOLICITANTE: ASOCIACION GALLEGA DE TRABAJADORES AUTÓNOMOS Y DEL
MAR (AGTAMAR)**

Examinada a solicitude de axudas para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de persoas traballadoras autónomas presentada por EDUARDO ABAD SABARÍS, en nome e representación da ASOCIACIÓN GALLEGA DE TRABAJADORES AUTÓNOMOS Y DEL MAR (AGTAMAR), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: A solicitude foi presentada o 27/2/2020 e recibida o mesmo día. No expediente consta toda a documentación exixida na orde de convocatoria para o tipo de axuda que se solicita.

SEGUNDO: Na tramitación do presente expediente, observáronse todos os requisitos e prescricións legais.

FUNDAMENTOS

PRIMEIRO: A competencia, por delegación do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, desta Secretaría Xeral de Emprego para coñecer e resolver a presente solicitude ven determinada polo artigo 10 da Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas galegas de persoas traballadoras autónomas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.

SEGUNDO: Logo da correspondente fiscalización e dado que a solicitude foi presentada en prazo hábil, e cúmprense todos os requisitos e condicións esixidas na orde de convocatoria para a concesión da axuda que se solicita, procede conceder a axuda ou subvención, na contía e polo concepto que se indica na parte dispositiva.

Vistos os preceptos citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta **SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO**

ACORDA

1.- **CONCEDER** á ASOCIACION GALLEGA DE TRABAJADORES AUTÓNOMOS Y DEL MAR (AGTAMAR), a axuda ou subvención para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de persoas traballadoras autónomas por un importe total de 55.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.322C.481.3 2015 00494 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

2.- O pagamento da subvención quedará condicionado á presentación, con data límite ata o 15 de novembro de 2020, da documentación que se exixa de forma expresa nela, xustificativa da realización da actividade para a cal se concedeu a subvención, entre a que deberá figurar:





- Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación expedida pola persoa representante da entidade que inclúa unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, a data de emisión e, de ser o caso, a data de pagamento, xunto coas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e da documentación acreditativa do seu pagamento.
- Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto ou actividade, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo II.

De non presentarse no prazo indicado ou de non ser correcta ou concorde co solicitado, procederase, segundo o caso, á revogación total ou parcial da axuda concedida (art. 26 da orde de convocatoria).

3.- Así mesmo, lémbbraselle á entidade beneficiaria que deberá cumprir coas obrigas establecidas no artigo 24 da orde de convocatoria.

Notifíquese esta resolución aos interesados, facéndolles saber que disporán dun prazo de dez días hábiles para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela cabe formular recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; así mesmo, con anterioridade e con carácter potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ante esta Secretaría Xeral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, todo iso de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Covadonga Toca Carús
Secretaria xeral de Emprego

